

A boa vontade e o deber.

"Nin no mundo, nin, en xeral, tampouco fóra do mundo, é posible pensar nada que poida considerarse como bo sen restricción, a non ser tan só unha boa vontade (...).

A boa vontade non é boa polo que fai ou polos seus efectos, non é boa pola súa adecuación para alcanzar algún fin que teñamos proposto: é boa polo querer, é dicir, é boa en si mesma" (*F. M. C., cap. I, páx. 393*).

"Para desenvolve-lo concepto dunha vontade digna de ser estimada por si mesma, dunha vontade boa sen ningún propósito ulterior (...) imos considera-lo concepto do "deber", que contén o concepto dunha vontade boa (...). Precisamente niso consiste o valor do carácter moral (...) en face-lo ben, non por inclinación, senón por deber" (*F. M. C., cap. I, páxs. 397-98*).

Os imperativos.

A representación dun principio obxectivo, en tanto que é restrictivo para unha vontade, chámase mandato (da razón), e a fórmula do mandato chámase "imperativo" " (*F. M. C., cap. II, páxs. 412-13*).

"Pois ben, tódolos "imperativos" mandan, xa "hipotética", xa "categóricamente" (...) Se a acción é boa só como medio para algunha outra cousa, entón o imperativo é hipotético; pero se a acción é representada como boa "de seu", isto é, como necesaria nunha vontade conforme en si coa razón, como un principio de tal vontade, entón o imperativo é "categórico" " (*F. M. C. cap. II, páx. 414*).

Imperativo categórico: primeira fórmula.

"O imperativo categórico é, pois, único e é como segue: "obra só segundo unha máxima tal que poidas querer ó mesmo tempo que se torne lei universal" (...) deste único imperativo poden derivarse, como do seu principio, tódolos imperativos do deber (...)" (*F. M. C., cap. II, páx. 421*).

O reino dos fins: segunda fórmula do imperativo.

Agora digo eu: o home, e en xeral todo ser racional, "existe como fin en si mesmo, non só como medio" para ser usado por esta ou aquela vontade" (*F. M. C., cap. II, páxs. 426-28*).

"O imperativo categórico será, pois, como segue: "obra de tal modo que úse-la humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquera outro, sempre como un fin ó mesmo tempo e nunca só como un medio" " (*F. M. C., cap. II, páx. 429*).

Autonomía da vontade e liberdade: moral autónoma.

"De onde se segue o terceiro principio práctico da vontade, como condición suprema da concordancia da mesma" coa razón práctica universal, a idea da "vontade de todo ser racional como unha vontade universalmente lexisladora". (*F.M.C., cap. II, páx. 431*).